

# Babel

Declive monárquico e cambio de rumbo A  
tarta eólica galega Desequilibrio La transi-  
ción pendiente de la Justicia Estafa kultural  
Valdeorras, 1902: filoxera, fame e represión  
La escuela de entonces Un dos nosos:  
Augusto Sierra Rodríguez A memoria viva

Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras. Abril 2009. Nº 3





## ***Declive monárquico e cambio de rumbo***

**L**evamos xa 33 anos aguantando a restauración borbónica, por obra e graza do asasinado do Pardo. Amais levamos 30 anos da aprobación do texto constitucional, que nos acabou de embarcar a monarquía como forma de Estado. Arredor de cada aniversario, o 6 de decembro, volvemos escoitar a retórica dos días de festa que soltan os políticos dinásticos, e persoeiros do mundo académico, sobre a necesidade de reformar a Constitución de 1978. Din que para “adecuarla a las necesidades del pueblo español”. Así pónense a divagar sobre a necesidade de modificar o Senado, como si a alguén lle importase ese cemiterio de elefantes; de cambiar a lei electoral, que non se asenta sobre a igualdade de voto, o que suporía ir contra dos seus máis inmediatos intereses; e no colmo do paroxismo igualitario, que neses días os embarga, propoñen facilitar o acceso ao trono ás fillas do terceiro fillo de Xoan Carlos Borbón.

A vixente Constitución si, algún día, se reforma farase de costas ao pobo. Porque naceu nunha votación cun proceso político, o enterro dun réxime autocrático, pouco limpo e de nula lexitimidade. A famosa transición ocultou aos españois a posibilidade de elixir entre Monarquía e República. Proceso que estivo mediatizado por unha oposición apenas saída da longa noite franquista; por uns medios de creación da opinión pública ao servizo das castas dirixentes herdeiras da ditadura; por un aparato do Estado sen depurar; por un Exército en permanente actitude golpista. Unha situación tan favorable para que a dereita sociolóxica do país impuxera o seu proxecto de Estado, e que non se vai volver a dar.

Por iso reformar hoxe a actual Constitución levaría a caixa de Pandora das aspiracións populares. Poríase en cuestión os elementos máis escandalosamente antidemocráticos que encerra: o papel político das Forzas Armadas como garantes da “integridad de la patria”, por riba da vontade popular; a deferencia coa Igrexa Católica, que abarca o privilexio da financiación; a discriminación e irresponsabilidade do Rei, a quen non afecta a igualdade do resto dos súbditos ante a lei; a dificultade dos mecanismos da súa reforma para recompoñer o Estado dende unha perspectiva federal; o esquecemento dos dereitos ao traballo e á vivenda, que foron incluídos para non ser cumpridos; a especificación de salvagardar os intereses da burguesía coa defensa da “economía de mercado” como único medio de articular as relacións de produción.

Fronte esas carencias a alternativa dunha constitución republicana segue a ser un referente para todos os homes e mulleres que queremos transformar politicamente unha sociedade que non nos gusta, por inxusta e por non ser o eixe dunha cultura de liberación colectiva e persoal. Necesitamos máis que nunca a creación dun vínculo entre ética e política diante dun mundo globalizado, no que os intereses das oligarquías mediatizan as decisións en detrimento das aspiracións populares. Necesitamos unha nova base política na que se atopen representados os traballadores de todas as clases. Necesitamos, co exemplo da experiencia popular dos anos trinta, a proclamación da IIIª República.



# A Tarta Eólica Galega

## Survia de Trevinca

A finais do mes de decembro de 2008 o goberno bipartito da Xunta de Galicia facía a concesión ou adxudicación dos parques eólicos previstos para os dous vindeiros anos ata alcanzar unha produción de 2.325 megavatios. Sumaríanse así aos 4.300 MW que actualmente están producindo enerxía nos diferentes parques eólicos instalados en Galicia. Si xa eramos a Comunidade, que con moita diferenza, tiña a maior potencia en MW por km<sup>2</sup> do mundo, agora imos ser inalcanzables no primeiro posto e por moito tempo.

Moito se ten escrito sobre este tema dende diferentes posicións. Dende distintos grupos empresariais que competían no reparto do pastel eólico, propagaron multitude de mensaxes, as máis das veces empezoñadas: que se a consellería encargada do reparto era a de Industria, a fronte da cal está o conselleiro Fernando Blanco (BNG), que se atopa enfrontada á Consellería de Medio Ambiente, dirixida polo conselleiro Manuel Vázquez (PSdeG-PSOE); que se uns grupos eran auspiciados por un partido político en detrimento doutro; que se a concesión dun parque eólico estaría condicionada a un proxecto de traslado da factoría de ENCE da ría de Pontevedra; etcétera.

Na mesa de estudo dos proxectos presentados e que ía decidir as concesións asistimos ao esperpento da "espan-tá" dos representantes do PSdeG-PSOE (enténdase Consellería de Medio Ambiente). Abandonaron a comisión e deixaron a decisión final única e exclusivamente en mans de persoas do BNG (enténdase Consellería de Industria).

Analicemos a traxectoria de ambas as dúas consellerías nesta lexislatura de goberno bipartito da Xunta nalgúns aspectos. Apróbase a Lei de Minas de Galicia, que en teoría e como explicou o conselleiro de Industria, regularía definitivamente o sector. Pois ben, aparte de moitas declaracións na prensa, dicíase que as canteiras de pizarra, verdadeiro músculo desta lei, ían ser legalizadas a cambio dun maior control do proceso extractivo e das súas causas máis visibles: as escombreyas. Mais a lei non se aplica, e prefírese dotar con recursos públicos as operacións de rehabilitación da paisaxe destruída polos inertes (como pomposamente se chama agora á louxa sobrante). A pesar da crises neste sector as canteiras seguen a medrar de forma descontrolada e agora fanse máis prospeccións e de



Os conselleiros Manuel Vázquez (PSOE) e Fernando Blanco (BNG)

forma anárquica. O fantasma do paro fainos ollar para outro lado. Promulgouse tamén, no ano 2008, a Lei da Paisaxe de Galicia, e a Consellería de Medio Ambiente aproveitou o momento para facer publicidade na prensa e noutros medios sobre as súas virtudes. Como exemplo, clama que se vai ampliar a rede de Parques Naturais de Galicia: Ancares, Courel, Trevinca..., mais o resultado, polo menos nesta lexislatura pasada, é que non se declarou un m<sup>2</sup> de territorio como protexido.

Os representantes das consellerías, tanto de Industria como de Medio Ambiente, que se senten de esquerdas, que se din progresistas e defensores dos intereses de Galicia (tamén os do PP din defender Galicia), entran en contradicións cando non en claros enfrontamentos entre elas. O coro de seguidores é moi variado e de múltiples cores. Aqueles que no derradeiro reparto eólico se opoñen ás concesións dadas, son acusados polos favorecidos de representar os intereses dos grupos empresariais excluídos do pastel. Pode ser que grupos que non se viron beneficiados no recente concurso como Unión-Fenosa, Iberdrola... critiquen as concesións dadas dende unha óptica de perda de rendibilidade e de beneficios económicos. Pode ser. Xa argumentou algo parecido o famoso e admirado escritor Suso de Toro nun artigo de opinión no diario El País: "quen tan abertamente critica o reparto eólico feito pola Consellería de Industria é que defende os intereses de outros grupos empresariais". Simples escusas.

Non é así de sinxelo. Non entro en se Unión-Fenosa non foi beneficiada porque non presentaba un proxecto de futuro para Galicia. Nin se a empresa Inveravan, que potenciaba como alternativa o traslado de ENCE da ría de Pontevedra, queda fóra. Nin se Iberdrola... Tampouco entro en criticar a concesión dada a grupos creados a derradeira hora polas caixas de aforro galegas. Nin opino sobre porque lle deron a concesión ao grupo San José. Non. Miña crítica a todo este "pasteleo" eólico parte dunha perspectiva de defensa da natureza, dende unha posición extrema de defensa da nosa paisaxe. Porque nela está o seu gran valor, e porque non me creo nada, de nada, vendo o mentireiros que son os conselleiros de Industria e de Medio Ambiente. E ademais que cinicamente ambos se reclamen de esquerdas. ¡Inaudito!

Está claro a desfeita que se aveciña da Galicia interior. E digo interior porque na costa non hai apenas proxectos eólicos á vista. Foi o propio Conselleiro de Industria, o señor Fernando Blanco quen dixo que "a costa non se pode tocar, xa que supón un valor en alza cara o turismo". E aos que vivimos cara dentro, que nos den...



Tampouco se fixeron estudos de viabilidade no campo do mar para instalar parques eólicos de maior rendibilidade en canto á produción de enerxía aínda que son máis caros na súa instalación. Dinamarca é un bo exemplo a seguir. En definitiva son arredor de 2.000 muíños de vento os que se van erguer en Galicia. E que noutras declaracións do señor Fernando Blanco van supoñer a creación de 8.000 postos de traballo, entre directos e indirectos, o que non deixa de ser outra mentira máis. Sirva de exemplo que a empresa Gamesa, a maior produtora de compoñentes eólicos de España, acaba de reducir no ano 2008 a súa plantilla nun 25%. Ou que máis concretamente na provincia de Ourense, todos os parques eólicos actualmente en produción, contan cun só empregado fixo.

As contrapartidas esixidas pola consellería concesionaria son de ollar con lupa. Falemos do máis preto a nós. No caso concreto da comarca de Valdeorras onde fomos agasallados coa concesión dun parque eólico de 118 MW á empresa Cupa Renovables, (pertencente ao entramado industrial participado pola Caixa de Galicia, CupaGroup), porque se lle tivo en conta a "súa implicación no desenvolvemento dos recursos naturais na zona". ¡É como para poñerse a tremer!

Esta implicación no desenvolvemento supuxo destripar durante anos as nosas montañas da serra do Eixe (macizo de Trevinca); encher de escombres a nosa paisaxe; chegar ao enfado máis infantil por non ter solo barato industrial en Valdeorras; desprazar seccións da empresa para a provincia estremeira de León. E por todo iso acabarán instalando preto de 50 muíños de vento no Alto da Moeda, entre os municipios do Barco, Carballeda e A Veiga, ameazando en especial o desenvolvemento turístico deste último concello. Esperemos ver as contrapartidas futuras.



En definitiva hai moito que analizar, aclarando tamén que non estou en contra da enerxía eólica. Pero si que estou en contra de que me vendan motos coma se fosen coches; de que non se racionalice a ubicuidade; de que non se amplíe nun centímetro cadrado a actual Rede Natura de Galicia. En todo o proceso da concesión non se consultou para nada aos grupos ecoloxistas, nin ás comunidades de montes onde se pretenden instalar os parques. Hai que precisar que certos colectivos medio ambientais con peso en Galicia, como Adegas, tardaron en reaccionar ante o plan eólico que, curiosamente, foi pensado por persoas do mesmo estrato ideolóxico-político que eles: o señor Fernando Blanco (BNG), conselleiro de Industria e "alma mater" do proxecto do vento para o noso territorio.

É unha mágoa. Mais a conclusión é que a Galicia interior está de novo en venda. Primeiro foron as centrais hidroeléctricas sobre os nosos ríos, logo as canteiras sobre os nosos montes e agora os muíños de vento sobre a nosa paisaxe. ¡Impactante! Aínda quedan moitos capítulos abertos para falar e analizar: se vai fixar poboación; se vai ser rendible o prezo da enerxía para os veciños próximos aos parques eólicos; se van facer pistas de acceso aos muíños; se van controlar a contaminación acústica... Si, será necesario volver sobre o tema.

## **Desquilibrio**

**Amancio Delgado**

**M**e gusta a palabra "equilibrio". Rara cualidad de las cosas sana y desequilibradamente naturales. La naturaleza se encarga, en progresión natural (que suele tener forma de espiral caracolesca siguiendo los principios de la serie de Fibonacci, de la áurea proporción) de recolocar las cosas que los hombres vamos descolocando. Dejando, las cosas, en su sitio, no donde están.

Y lo mismo lo hace con los organismos celulares, donde el exceso o el defecto dispara los mecanismos homeostáticos compensatorios necesarios, como con los organismos animales, donde la plenitud de las vejigas dispara el deseo mingitorio (¡qué bonita palabra!), o con los organismos culturales, donde, ya lo dijo Platón: el hastio de tiranía promueve la democracia que deriva en oligarquía-aristocracia-dictadura y de nuevo tiranía.

Otra rara cualidad de las cosas naturales: cuando están maduras, revientan, sin más. De ahí mi convicción de que la III República es, en cualquier caso, cuestión de tiempo. Y no mucho.

Asisto con placer a la explosión de los muchos sinsentidos que el siglo XX nos ha dejado. El último, la desfatez con que los fáchas liberales acuden a las arcas públicas para deshacer los entuertos provocados por sus recetas. Ciertamente necesitamos un nuevo orden de cosas. A mí me obligaron a aprender: "Para que tú crecieras / sobre una patria hermosa / tus hermanos mayores / cayeron cara al sol".

Con el tiempo descubrí que, ni crecí en una patria hermosa (con lo cual, en el supuesto de que se partiera la patria, no sentiría ninguna pena) ni los hermanos mayores de mi padre cayeron cara al sol, sino bajo la ignominia de la acusación falsa o falseada, a las 7 de la mañana, antes de salir el sol.

Seguramente a alguien le incomodará que se mantenga la memoria. Pero como en Fahrenheit 451, mientras quede una neurona, la memoria pervivirá.



Esta práctica era unha das ferramentas que engraxaban o sistema de poder caciquil que rexía as relacións políticas en Galicia. Mais o máis importante era que as capas sociais excluídas do poder víano como discriminatorio e fraudulento. E a cotío denunciaban todo o procedemento do reparto.

### O BARCO

Foi o caso do concello do Barco no ano 1902. En xaneiro o secretario fai a distribución das parroquias do concello por seccións e fixa o número de vocais que lle corresponde a cada unha. Un vocal para a primeira sección que abarcaba as parroquias de Alixo, Millarouso e Santurxo; a segunda con catro vocais era a das parroquias do Barco e Viloiira; a terceira era a parroquia de Éntoma, con un vocal; a cuarta sección formada pola Vila do Castro e a Proba, dous vocais; igualmente dous vocais eran da parroquia de Xagoaza, que era a quinta sección; a sexta sección formada polas parroquias de Santamariña, Santigoso, Vales e Cesures, dous vocais; e a sétima tiña un vocal, veciño das parroquias de Vilanova e Forcadela. Ao mes seguinte faise o sorteo e saen nomeados vocais: Celestino Huertas e José Álvarez Suárez, de Millarouso; Augusto Trincado Fernández, Joaquín Gayoso Valcarce, Pedro Losada Soto, do Barco; Rafael Prada, de Viloiira; Manuel Arias Prada Zapatero, de Éntoma; Rogelio Fernández Fernández e Francisco Carballo, da Vila do Castro; Victoriano Pallarés Prada e Maximino González Arias, de Xagoaza; Miguel Fariñas e Juan Álvarez Incognito, de Santigoso; e Francisco Rodríguez, de Reporicelo.

En febreiro o concello recibe da administración de contribucións provincial a asignación dos consumos para que faga a libranza do reparto veciñal. O alcalde convoca un pleno cos vocais asociados con esa finalidade. Mais acabando o mes tres labregos veciños do Barco, Enrique Quirós, Juan Antonio Perejil e Basilio Álvarez, presentan unha reclamación ao alcalde, Julio Miranda, que tamén fan chegar ao Gobernador civil, na que expoñen que varios dos vocais non reúnen as condicións de elixibilidade que impón a lei municipal. Alegan que Augusto Trincado era o xuíz municipal e como tal incapacitado para exercer de vocal; o mesmo para Joaquín Gayoso Valcarce, por ser irmán dun concelleiro; e para José Álvarez, Rafael Prada, Manuel Arias Prada Zapatero, Rogelio Fernández, Francisco Carballo, Miguel Fariñas e Juan Álvarez Incognito, por non aparecer na lista de contribuíntes do concello. Por iso queren a anulación da acta do sorteo e que se proceda a unha nova designación de vocais. A reclamación dáse, como máis adiante veremos, nun clima popular moi crispado pola actuación e o acantonamento do Exército na comarca.

O Gobernador civil o 26 de febreiro acaba destituíndo ao alcalde Julio Miranda, suspendendo a corporación municipal e procesando por malversación ao secretario municipal, Argimiro Iglesias, despois de practicar una inspección no concello. A memoria do expediente aberto informaba entre outras irregularidades que no concello non existían os libros de actas dende 1896 ata 1901; que faltaban da caixa 512 pesetas e que se pagaran ilegalmente polo secretario 2.069 pesetas; que non se formara o censo de pobres; que a escola do Barco levaba seis meses pechada; que dende 1898 no que se recadou 2.779 pesetas, pola expropiación dunha parte do comunal de Martaguisela, estas non aparecen na contabilidade municipal; que non se fixeran os repartimentos dos consumos para os anos 1901 e 1902; etcétera. Para normalizar o concello nomea alcalde a Ricardo Martínez Barrio, e novo secretario, Pedro Gallego. Por mandato do Gobernador as primeiras actuacións do novo alcalde consisten en repetir a elec-

ción dos vocais asociados e a elaboración do novo reparto dos consumos. Agora os membros da xunta veciñal son: Máteos Rodríguez e José Nogueira, de Alixo; Avelino Prada, Vito Vidal, Manuel Páramo e Basilio Álvarez, do Barco; Rafael Núñez, de Éntoma; Hipólito González e Máximo Delgado, da Vila do Castro; Dario Delgado e Amádeo Núñez, de Xagoaza; Pablo Pérez, de Santamariña; e José Núñez, de Vilanova. En xuño o reparto veciñal xa estaba nas mans do recadador de contribucións, Venancio González, para o cobro.

### OS CONSUMOS

Eran 18.400 pesetas o cargo dos consumos a que os veciños do concello do Barco tiñan que facer fronte no ano 1902. No resto da comarca a cota do imposto era de 11.000 pesetas para Carballeda; 7.000 pesetas para Petín; 6.400 pesetas para A Rúa; 16.500 pesetas tiña que cubrir Rubiá; 18.300 pesetas o concello da Veiga; e o concello de Vilamartín, faciase cargo de 11.400 pesetas.

Os consumos sustentábanos maioritariamente 6.872 homes que había na comarca, comprendidos entre os 16 e 65 anos. Eran os que traballaban os bacelos e os que aportaban os ingresos monetarios familiares. As mulleres tradicionalmente axudaban na vendima. Cada un deles acababa pagando unha media de 13 pesetas polos consumos. Viñan a ser os xornais de entre trece e vinte días de traballo, de sol a sol, cando nesa época a ocupación máxima anual nas viñas era de 90 días. Unha imposición fiscal por habitante: homes, mulleres, nenos e vellos, de arredor das tres pesetas.



Para facer fronte á miseria na que vivía, imposta pola combinación da crises vinícola e o papel recadador do Estado, o mundo rural comarcal respondeu globalmente de dúas formas. A primeira cun forte incremento dos niveis da emigración. Sen contar cos mozos que clandestinamente marcharon a América a través dos portos de Lisboa e de Oporto para non facer o servizo militar, só de Vilamartín, no ano de 1901, emigraron dende Vigo e A Coruña arredor de 300 veciños, que viñan a representar o 7,1% dos habitantes do concello. Algunha prensa da época recollía o fenómeno: "a centenas marchan os labregos da comarca de Valdeorras porque a súa riqueza desapareceu. A desbandada é xeral e da mágoa ver na estación de ferrocarril do Barco de Valdeorras a grupos nume-



rosos de homes esfarrapados que embarcan con dirección a América". A segunda resposta foi o desenvolvemento de accións de solidariedade colectivas. As aldeas negáronse a pagar os impostos. Boicotearon os cobros. Deixaron desertas as poxas das fincas e casas embargadas por falta de pago. Convocaron manifestacións de protesta que non foron permitidas, como foi o caso en xullo de 1893: "dándose conta destes prósitos o Gobernador dispuxo que se reconcentrase ali a Garda Civil de Trives, ao mando dun oficial, ante o que os manifestantes desistiron". Coaccionaron e violentaron aos recadadores. Queimaron propiedades lícitas nas poxas. É frecuente na prensa da época atopar sucesos que daban a entender intervencións labregas: "unha persoa descoñecida no Barco comprou nunha ocasión unha casa, vendida en pública poxa, e ao pouco tempo un lume fixoa borrallos, sen que puideran saberse as causas do sinistro". Preitearon xuridicamente. Ameazaron con non cumprir coas cargas forais. E finalmente participaron en motíns fronte ás forzas da Garda Civil e do Exército.

O Goberno do Partido Liberal dirixido por Sagasta, pensaba que a comarca se atopaba nunha permanente "anarquía fiscal", á que chegara o tempo de poñerlle fin. O seu ministro de Facenda, Ángel Urzáis, declaraba nas Cortes, que había que eliminar "ese pequeno cantón independente". Con esa finalidade o Ministro da Guerra, Valeriano Weiler, desprazou ata Valdeorras, a primeiros do mes de outubro de 1901, a dous batallóns do rexemento de Isabel A Católica, que estaban acuartelados nas cidades de A Coruña e Lugo.

#### ARCOS

Ao pouco de chegar á comarca o rexemento ocupa a aldea de Arcos, no concello de Vilamartín, co fin de protexer o traballo do recadador de contribucións. Pola aldea patrullan pelotóns de soldados armados cos derradeiros modelos de fusís máuser (1), que mantiñan á poboación en silencio e desertos os camiños e as carrúas. Os veciños da parroquia de san Lorenzo de Arcos, que eran 327, facía dez anos, dende 1892, que non pagaban os impostos. A administración da Facenda, que substituíra ao impotente concello no cobro, tiña embargadas nese momento un millar de leiras e casas. A débeda fiscal da aldea era de 44.000 pesetas, á que había que sumarlle os gastos dos embargos e os da tropa que vixiaba o cobro.

Tras esta primeira intervención militar o Ministro da Guerra, retirou da comarca un dos batallóns que retornou á cidade de Lugo. O que aínda quedaba acuartelouse na vila do Barco previndo unha prolongada estada. Fixéronse obras na aula da escola que se atopaba na casa do Concello do Barco co fin de acondicionarlla como cociña, comedor, albergue e intendencia.

#### MONES

Tras tres meses de marchas e manobras pola comarca orientadas a amedrentar aos veciños o día 29 de xaneiro de 1902, una dotación da primeira compañía do 2º batallón de Isabel A Católica composta por un capitán, dous tenentes e 18 soldados, acompañou ao recadador de Facenda ata santa María de Mones, no concello de Petín. A parroquia estaba formada

polos barrios de Carballal, Fontelas, Outeiro e santa María, e tiña uns 273 habitantes. A expedición militar levaba a orde de protexer o axente fiscal no seu traballo, primeiro en santa María e despois acompañalo ata a aldea de Portomourisco, na que igualmente levaban anos de morosos fiscais. O velos chegar os veciños repicaron as campás da igrexa para avisar da columna militar. Os homes fuxiron ao monte e á tropa recibírona na entrada un feixe de mulleres e nenos. A expedición só atopou un mozo na cama que estaba doente. Os soldados de malas formas obrigárono a deixar a casa xa que o recadador contaba con embargala. O maltrato propiciou que as mulleres, que presenciaban o feito, comezasen a insultar á tropa, e no incidente apareceu algunha pedrada. O capitán que mandaba a columna, Salvador Fernández Vaamonde, ordenou responder coas armas e acabou morrendo polos disparos o mozo doente, Francisco Rodríguez Corzo, de vinte anos. Tamén tres veciñas máis foron feridas de bala, mais por medo ás represalias escondéronse. Antes de volver cara Petín o recadador aínda tivo tempo de embargar a casa e varias leiras do veciño, Indalecio López.

Coa designación dun xuíz militar especial para instruír o sumario sobre os feitos foi detido en Ourense o avogado Ramón Suárez de Puga (2), baixo a acusación de ser un dos indutores da rebelión. En Petín xa o foran o mesmo día 29,

Indalecio López e un fillo, así como dous veciños de Portomourisco. E finalmente durante a seguinte semana acabaron na cadea un total de 14 habitantes da parroquia de santa María de Mones.

O día tres de febreiro chega a Petín o Gobernador civil da provincia, Gabriel Ricardo España, para reconducir e controlar o conflito. Xunta varios veciños do concello e promételle atender as queixas dos labregos e destituir as corporacións municipais para "formalas con persoas de posición desafoxada e de raiceiras no país". Nun primeiro momento anuncia o cese do alcalde de Petín, Ignacio González, mais non a levou a cabo.

#### RUBIÁ

A finais de mes cesou o alcalde de Rubiá, Germán Armesto, pola "súa negligencia e abandono de funcións".

O concello de Rubiá levaba oito meses sen que os concelleiros, elixidos no xullo anterior, o constituísen. Os veciños intimidábanos para que non asumisen o cargo. No fondo atopábase a loita contra dos consumos. Rubiá era o concello da comarca co nivel máis alto de morosidade co fisco. Para saír desa situación o Gobernador nomeou novo alcalde ao propietario Francisco Martínez Rodríguez. Tamén como vimos anteriormente, no mesmo mes de febreiro, investigou á corporación municipal do Barco, na que cambiou o alcalde e procesou o secretario.

A actuación do Exército en Mones propiciou un debate nas Cortes. O deputado conservador Romero Robledo pediulle explicacións ao Ministro da Guerra polo uso dos mausers, contra da poboación. O Goberno contéstalle que a morte do mozo de Mones era consecuencia da necesidade de restablecer na comarca o principio de autoridade. Tamén intervén o deputado da maioría liberal elixido polo distrito de Valdeorras, Aurelio Enríquez (3). Este bótalle a culpa do





é o conxunto da Kultura Obxectiva (organismo autónomo que funciona máis aló dos suxeitos operatorios) e esta serve para lexitimar as diferentes actuacións políticas.

Comprobemos como funciona todo isto no proxecto infame que tivo por iluminación / alucinación aquel infausto Consello da Xunta anteriormente citado.

Nun principio, a "Nai de tódalas casas" ía custar 108 millóns de euros e debía estar rematada para a súa inauguración nun prazo de tres anos, cun presuposto limitado de 132,8 millóns. A Xunta ven de cifrar agora en 475,9 millóns o diñeiro necesario para pór en funcionamento as instalacións (Centro de Documentación, Biblioteca Nacional, Patrimonio, Museo, Creación e Exhibición, Espazo para os nenos, Usos complementarios-restaurantes, tendas-).



Os orzamentos para levar adiante este macro-complexo son tan elevados (só o seu mantemento anual custará ó redor de 10 millóns de euros) que o bipartito non ten outra opción que privatizar o 55%, como non, a modo de Fundación (eles que con bo criterio criticaron a privatización das Fundacións Sanitarias dando agora o paso definitivo de desmantelalas para integralas no Sergas (a débeda acumulada por estes centros ascendía no período 2005-2006 a 16 millóns de euros) non teñen o máis mínimo reparo en repartirse o pastel estreando un modelo híbrido de financiamento (con capital público e privado) que conta con quince patróns, entre os que destacan: Caixa Galicia e Caixa Nova, ademais de Inditex, Fenosa, Coren, Pedro B. de la Maza, Tojeiro, Gadisa, Bando Gallego, Mombús, Nossa Terra, Hijos de Rivera.

O director é Juan Manuel Urgoti (presidente do Banco Gallego, conselleiro do grupo Inditex, estivo ó fronte do real Patronato do Museo do Prado e da biblioteca Nacional e é membro do Internacional Council MoMA, así como doutras institucións culturais) este é un curriculum que á vez que impresiona, asegura que se trata dunha persoa suficientemente preparada para dirixir ó cotarro e que sabe moi ben de que vai o asunto: "...Trátase dun conxunto adicado ó ocio no mellor sentido da palabra...", "...un novo faro da Kultura...", advirte que "...para vender a Cidade da Kultura hai que visitala...", "...Hai que crear unha liña filosófica continuísta, moi clara e definida..."... o obxectivo fundamental é ensinar..." (uff!, en que estará pensando este señor), outra que tampouco ten desperdicio: para que "...esta

pedra que hoxe nace, medre e saia voando..." (atención! ós que pretendan subir no posible teleférico).

O inconsciente de Urgoti cando fala de ocio no bo sentido da palabra, saca a flote o que realmente quere dicir, a Kultura como negocio, coma un produto máis que non pode eludir o mercado (vender) se quere seguir mantendo interese.

Que di o señor Pérez Touriño: "...A Cidade da Cultura é unha aposta pola inserción de Galicia na primeira fila da modernidade, polo abandono da periferia..." (que pasará na periferia), Ánxela Bugallo: "...O complexo do Gaiás é un auténtico proxecto de desenvolvemento endógeno da Galicia do século XXI. Está chamado a ser un referente internacional..." (El Correo Gallego, Martes 30 de Decembro do 2008).

Cando se len estas declaracións non se sabe se rir ou chorar, é tal a vergoña allea que se sente, que nos leva a preguntar, como é posible que (segundo o departamento de Economía e Facenda cando rematen as obras no 2012 se terán gastados case 500 millóns de euros (catro veces máis que o anunciado en 1999) ninguén asuma responsabilidades, nin unha simple dimisión?.

Sería exemplar, que os irresponsables que deron luz a este proxecto colaborasen cos seus cartos e patrimonio para comprobar ate onde están dispostos a chegar por iso que chaman Kultura e que nos pretenden colar como impulsor de modernidade; como se realmente non houberse problemas máis importantes que solucionar na Galicia "periférica" que temos a uns km de distancia do monte Gaiás.

Se a <Cultura se entende como un <todo complexo> que comprende coñecementos, crenzas, arte, costumes, e calquera outras capacidades e hábitos adquiridos polo home en tanto que membro da sociedade> (E.B.Tylor), parece claro que tan cultural é a ópera como o botellón (que tamén ten momentos de catarse), ou un concerto de Wilco, ou un teorema matemático.

Os que presupoñen que as actividades que se van celebrar alí arriba, son máis importantes e valiosas que as que poida desenvolver o xardineiro que corta o céspede ó redor, non só non saben o que din, senón que inconscientemente estarán repetindo unha vez máis a "falsa conciencia" que traslada a diferenza entre clases sociais ( actividades de elite e traballo obreiro, é dicir, ocio no bo sentido da palabra como di Urgoti, fronte a outras posibles manifestacións ociosas, ou mellor viciosas (estas si que elevan polo menos iso que vulgarmente chamamos a "moral" e outras partes materiais).

Significa todo isto que temos que ser nihilistas e bombardear a "Cidade", queimar bibliotecas, etc; pois tamén está claro que nos desmarcamos desta posición (aínda que en ocasións haxa que pensalo dúas veces), o único que queremos é deixar en evidencia que as decisións políticas teñen que xustificarse en causas reais, non en papanatismos capaces de aprobar calquera proxecto valéndose dunha suposta neutralidade da Kultura.



# Valdeorras, 1902: filoxera, fame e represión

Félix García Yáñez

A chegada da filoxera ao viñado comarcal fixo que as condicións da vida do campesiñado agraváranse ata niveis de pauperismo. A filoxera destruíu a viña que era a base do principal sector económico que acadaba a maior parte das rendas monetarias ao mundo rural da comarca. En máis pequena medida os ingresos familiares completábanse coa venda dalgún xato e ca sega estival en Castela.

## A FILOXERA

A filoxera é un parasito que se alimenta da seiva da cepa. Trátase dun insecto de pequenas dimensións de entre medio e un milímetro. A súa fertilidade é espectacular e esa é a razón da vertixinosa propagación. Os efectos da praga sobre as cepas son desastrosos, pois estas presentan pouca resistencia ao aparato vocal do insecto que o utiliza para chuchar o zume. Cando a cepa é atacada polo parasito as raiceiras atrofíanse e morren. Nas variedades da vide americanas o efecto é diferente. A casca é máis dura e os ataques da filoxera cicatrizan rápido. A desvantaxe é que dan uvas de baixa calidade. A solución finalmente atopada foi a de enxertar cepas americanas coas variedades europeas para acadar bos mostos.

O devastar percorrido do parasito comeza en Inglaterra no ano 1863. O mesmo ano descóbrese en Francia e cinco despois en Portugal. Séguenlle Austria no 1872, Suíza no 1874 e Alemaña no 1876. En España é a zoa vitícola de Málaga o primeiro lugar en detectarse. En canto a Galicia a contaminación fírase a través de Portugal. En Valdeorras é a aldea do Mazo, no concello de Vilamartín, onde primeiro se detecta, na primavera de 1887. Seguironlle os bacelos de Fonteí, na Rúa, e no seguinte ano xa se estendera pola beira esquerda do Sil, sobre todo polas terras de Viloira e a zona do Cabalín de Carballeda. Ano tras ano a caída da produción vinícola foi constante ata o inicio da nova centuria. Sobre a vendima de 1898 informaba o correspondente comarcal do periódico La Luz de Astorga: "non temos viño, porque a filoxera destruíu os bacelos, e carecemos de recursos para repoñelos". No 1901 a recollida da uva foi valorada en torno ao 95% menos que a produción dun ano normal previo ao comezo da infección.



produción dun ano normal previo ao comezo da infección.

A saída da crises da filoxera, mediante a reimplantación de enxertos americanos,

iniciouse na metade da primeira década do novo século. Necesitouse a divulgación e adaptación dos patróns durante a década precedente. Unha real orde de xullo de 1893 levantara o arancel que non permitía, por medo a espallar a infección, a importación e comercialización de arbustos, barbados e púas de videiras. Na comarca foi aproveitada para estender os viveiros de aclimatación dos enxertos americanos que pro-

piciou o abandono das variedades tradicionais, como o gode-llo, trocado por cepeiras de palomino a partires de 1889. E para as tintas iniciouse o cultivo da mencia a partires de 1880, e da garnacha en 1889. Salientan como divulgadores comarcais: José Núñez, médico de Viloira, que no ano 1887 monta o primeiro viveiro instalado en Galicia e que cinco anos despois producía 297.000 barbados; Augusto Casanova, de Fonteí, que viaxa a California para mercar patróns americanos; e Darío Fernández Crespo, de Vilela, xefe do servizo agronómico da provincia de Lugo, que comercializou os enxertos americanos por toda Galicia.

## A FISCALIDADE LABREGA

A comarca de Valdeorras a cabalo dos dous séculos formá-bana os concellos de : O Barco, Carballeda, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga e Vilamartín, que se articulaban institucionalmente mediante un partido xudicial radicado no Barco. Era ademais zona de recrutamento militar e distrito electoral para o Congreso de Deputados. O censo de 1.900 asignáballe unha poboación de 28.899 habitantes. Durante a anterior centuria mantivera un incremento demográfico lento mais continuado, minorado pola emigración americana. Os labregos da comarca, como os do resto de Galicia, deixaban as aldeas por diversas causas: escapar do servizo militar que os facía loitar nas derradeiras guerras dun imperio agónico; polo mesquiño futuro que ofrecía unha agricultura de subsistencia condicionada por unha excesiva división da propiedade; ou pola necesidade familiar de facer fronte ás cargas forais e estatais. Mais a crises da filoxera coincidiu cun longo período de déficits nos orzamentos do Estado con motivo dos empréstanos para soste as guerras de Cuba, Porto Rico e Filipinas. A fiscalizade do sistema político da Restauración descansaba en multitude de impostos sobre o mundo campesiño, que era o maior sector demográfico do país, e crecía ano tras ano. Volveuse moi gravosa a contribución territorial. Mais a xenreira das clases populares dirixíase ao dos consumos, que lle asignaba a cada habitante unha tarifa anual ligada a unha hipotética compra de alimentos. Sumábaselle as taxas sobre o sal e sobre os alcois. Amais as recargas para as administracións provinciais e municipais que podía supoñer un incremento do 50%, e que era o principal ingreso das facendas locais.

Para o cobro dos consumos a delegación da Facenda provincial expedía unha cota global aos concellos. Xuntados os concelleiros e os "vocais asociados" nun pleno municipal repartíana entre as parroquias, agrupadas en seccións territoriais. Quedaba desta forma fixada a tarifa a pagar por cada veciño. Estaban exentos do pago os inscritos no rexistro municipal de pobres de solemnidade, os militares de calquera clase, e o clero. A cota de todos os excluídos incrementábaselle ao resto dos veciños.

O proceso de asignación estaba viciado dende o inicio, xa que os vocais asociados sorteábanse anualmente, polo secretario e o alcalde, dunha lista municipal que recollía os propietarios que pagaban a contribución territorial. Eran os homes que axudaban a "cociñar", ás veces con capricho ou vinganza, o reparto que favorecía os intereses dos notables locais. Os seus principios fiscais reducíanse a eximirse e eximir aos amigos do pago e cargar o dobre ou triple sobre os inimigos.



# Estafa Kultural

Xosé Luis Arias

"...Polo Imperio da Cultura vaise cara a Deus..."  
Francisco Franco (Inauguración da Cidade Universitaria, 12 de Outubro de 1943)

## 1.- PRESENTACIÓN

Esta é a historia dunha estafa máis a engadir a esa longa lista que impunemente queda sen denunciar porque os que delinquen se acollen a amnistía que de antemán se lle concede por ter lexitimado seu cargo público.

Non se pretende neste artigo facer unha exposición fenomenolóxica apoiada na autoridade que suporía tomar como referencia a Ortega, Husserl, Heidegger; nin unha escenificación ou clasificación tipolóxica de espazos reservados ó eido cultural.

Simplemente, temos intención de clarificar algunhas cuestións fundamentais que poñan algo de luz ante a confusión xeneraliza ó redor da Idea de Kultura (escribimos cultura con K para destacar o foco orixinario desta situación estendida por todo o continente a raíz do enfrontamento entre Kultur e Natur, como momento de maior desprezo do Romanticismo alemán: Herder, Hegel, etc).

Asumindo os presupostos do materialismo filosófico, e tomando como referencia as teses máis relevantes da obra con máis edicións ata o momento de G. Bueno: "El mito de la Cultura". Intentaremos aplicarlas a un caso práctico, un dos delirios máis vergoñoso deste novo milenio: "A Cidade da Kultura" que se está a construír no monte Gaiás, cuxo proxecto tivo a súa orixe nun Consello da Xunta aló polo 1999 coa súa maior cabeza visible, (nunca mellor dito) Manuel Fraga de presidente e sendo conselleiro de cultura o ínclito Xesús Pérez Varela, aquel que dixo que "Carmiña Burana" (ou sería Burrana) era unha cantante de Chantada.

Cando intelixencias tan brillantes se poñen a elucubrar, o resultado non pode deixar de ser satisfactorio, e a día de hoxe sete anos despois do seu inicio, apenas se chega ó 55% de execución da obra total, a entrega debía efectuarse antes do 18 de xullo (en que estarían pensando) do 2003. Hai inmobles do "complexo cultural" dos que nin o arquitecto neiorquino Peter Eisenman ten unha idea clara de cal vai ser súa función, mais iso non importa, do que se trata e de atraer a 800.000 visitantes anuais (é probable que tomaran como referencia as peregrinacións á Virxe de Lourdes) algo que non nos debe estrañar, xa que a Kultura eleva ós homes á súa condición de seres espirituais e libres, de aí que neste caso, elixisen un monte para estar máis preto da divindade.

## 2.- KULTURKAMPF

Hai conceptos que a forza de empregalos a cotío nos resultan dunha familiaridade que presume de claridade e transparencia, e por tanto apenas se lle presta aten-

ción, dando por suposto que estamos seguros do seu significado, e a calquera que lle preguntemos por eles terá con seguridade unha definición preparada que sirva como resposta; seguro que identificarán aspectos esenciais que indican características nas que todos coincidimos sen desconfiar do que se esconde detrás.

Pois ben, o ensaio de Bueno levanta todo un armazón xeométrico como base dunha finísima análise histórica que demostra que cando se pronuncia a palabra Kultura, ninguén entende de que se está a falar. Trátase de comprender as razóns polas cales foi adquirindo confusión e prestixio, tendo en conta que nos movemos entre a imposibilidade da súa concreción connotativa e a inabarcable extensión denotativa.

Dúas grandes liñas da Idea de Kultura que non teñen por que converxer, pero que se complementan, son as encargadas de potenciar ó inicio do século XXI un mito escurantista que foi acadando unha posición privilexiada no desenvolvemento da <clave ideolóxica> das sociedades modernas de tradición cristián.

Por unha banda, fálase de "Kultura Subxectiva", entendida como o conxunto de coñecementos que van adquirindo as persoas ó longo da súa vida, no sentido en que os gregos presentan a Paideia, vertida ó alemán como formación (Bildung). Coma cando falamos de cultivar a terra, (verbo latino <colo>).

É por outra, a "Kultura Obxectiva" que tería como foco inicial o Romanticismo Idealista da filosofía almana do século XIX, a partires da Reforma Protestante, seguindo a traxectoria do Reino da Graza de orixe escolástica (Teoloxía secularizada) de onde vai adquirir o seu carácter "valioso" capaz de cumprir as súas funcións salvíficas e xustificadoras. Mantendo a idea de Kultura a estrutura de mito inconsistente que tiña aquela.

O sentido de totalización globalizante ( pinturas , esculturas, libros, música, artesanía, etc ) presentados como independentes de seus produtores e enfrontados ós contidos que caen baixo o que se entende por <Natureza> converteuse no uso preferente a todos os demais, así se di con frecuencia; pertencer a unha determinada kultura.

Esta totalidade confusa, metafísica, é constituínte da suposta necesidade dos pobos á hora de reclamar seu <Estado de Kultura> (Fichte) e por tanto solicitar a creación do seu propio Estado Nacional. Kultura Supraindividual e moldeadora dos homes.

Non en van, dise no artigo 44.1 da Constitución española que todos temos dereito á "Kultura" dando por des-



contado que entendemos o que quere dicir, aínda que non se aclara a que se refire. Colocándose iso si, na mesma posición transversal que vencella a cada pobo cunha finxida Kultura Universal.

Que é o que define á Kultura galega? (gaita, caldo, himno, etc) como se cada unha das palabras que poderíamos colocar no paréntese conseguise "valor cultural" por formar parte dunha suposta identidade, e non fosen elas precisamente as que a constitúen como tal. Círculo vicioso, que presupón como xa constituído, algo que só a través de cousas moi concretas adquire o seu suposto significado.

Algo que amosa unha evidente analoxía coas demostración escolásticas da existencia de Deus, (Argumento Ontolóxico de San Anselmo e as Vías Tomistas) en ambos casos se presupón o que se trata de demostrar.

Hai que admitir que o "relativismo cultural" baseado no respecto e a tolerancia, precisa escapar dunha universalidade envolvente aceptando incluso prácticas salvaxes (ablación do clitoris, lapidación, etc) por considerar que cada Kultura é autónoma e separada das demais, onde cada feito diferencial serve para fortalecer presupostos políticos, relacións de poder, etc, que se reivindicán á hora de reclamar independencia (Rh negativo), ou un maior aumento orzamentario que garante un mellor desenvolvemento dos seus contidos culturais.

O prestixio da Kultura que dimana destas fontes étnico-nacionais non é máis que o discorrer do Volkgeist (Espírito do Pobo) versión moderna do Espírito Santo. Por iso é misión de todos os gobernos do planeta espallar Kultura polos recunchos do seu territorio, como moi ben sabía o ministro de traballo franquista José Antonio Girón de Velasco, quen defendeu no Teatro San Fernando, Sevilla, 25 de novembro de 1950 <<La Cultura como instrumento necesario para la Revolución social>>, avalado por Franco: << Si nuestro régimen no puede constituir un ideal para los frívolos ni los ociosos, sí lo puede constituir para todos los sectores trabajadores de la Nación, al ofrecerles las mayores posibilidades para el logro de sus aspiraciones en el orden del Espíritu, la Cultura, la Justicia y el Progreso, contra la lucha de clases>> (Alacante, 12 de Maio de 1944).

Os anos de goberno "felipista" souberon recoller moi ben o sinal e as Casas da Kultura (continuación dos famosos < teleclubs franquistas>) comezaron a brotar como lepiotas por todos os lugares de España; onde senón, celebrar as cerimonia culturais (teatro, exposicións, cine, etc) como unha proxección das cerimonia relixiosas. Se na Igrexa coordina o sacerdote, no templo laico houbo que inventar a figura do "animador cultural": (animar ben do latín animare < ánima = alma) quen infunde alma, dar alma, alegría, diversión. Como aplicar algo espiritual, psíquico, a algo tan abstracto e á vez espiritual como a "Kultura"? e si falamos de animación en sentido cinematográfico parece obvio que incorporamos algo xa de seu cultural e por tanto estaríamos ante enunciados tautolóxicos: a Kultura que se anima a se mesma o cal por redundante resulta innecesario; non debe estrañar que a día de hoxe resulte difícil saber en

que consiste seu traballo.

### 3.- A NAI DE TÓDALAS CASAS

É de xustiza, que á capital de Galicia lle correspondese o privilexio de contar cunha Cidade da Kultura, que outra cousa pode ser en principio unha cidade, mais que un numeroso conxunto de "casas" habitadas por cidadáns de tódalas clases sociais, dispostos a celebrar todo aquilo que sexa capaz de converter as horas de ocio nun proveitoso negocio.

Os primeiros en aproveitarse da lexitimación que supón adoptar decisións baixo o amparo de facer ou incluír algo en nome da Kultura, serán os compoñentes que para cada ocasión teña a ben considerar a "casta" política. Son eles os que discriminan facendo valer seus propios intereses como algo que contribúe ó Ben común (pura filantropía).

Debemos supoñer que este é o motivo polo cal se forman Ministerios, Consellerías, Concellerías (fontes espirituais) para a través das súas funcións canalizar os circuitos da propaganda e demais eventos subvencionados, en perfecta simbiose cos "intelectuais orgánicos". Todo aquilo que forme parte ou sirva como complemento do acervo cultural, deberá ser conservado e recibirá unha asignación orzamentaria.



A lista de mediocres, "trepas" que escriben libros subvencionados que ninguén le é moi longa. Entrarían tamén neste apartado: Asociacións, Museos, Deportes (non esquezamos que tamén serven para cultivar o corpo), incluso as carreiras de coches lle serviron a Fernando Alonso para recibir o premio Príncipe de Asturias e non digamos os touros, máxima expresión das esencias hispanas.

É evidente que a Kultura colma de prestixio a quen se lle atribúe, por iso un político que estea no cumio non debería permanecer alleo a ela.

Ás veces prodúcense situacións hilarantes que só os máis perversos aproveitan para facer escarnio da vítima en cuestión; o triste momento en que a "lideresa" (a que sobreviviu ós atentados de Bombai, que heroína!) confundiu ó Nobel portugués de Literatura Saramago cunha suposta pintora chamada Sara Mago.

Non nos alegremos, isto foi un "lapsus linguae"; unha persoa que ocupa un alto cargo na Política non pode ser "inculta", (como ía xestionar con solvencia, se así fose, os intereses dos cidadáns) xa que o seu posto ven consolidado polos millóns de votos que lle deron os habitantes da comunidade de Madrid, ademais tanta xente non pode estar equivocada.

As esixencias económicas e políticas definen aquilo que



## La transición pendiente en la Justicia

Pere Ríos

**D**ecía Mao que el Ejército, la Policía y la Justicia se utilizan por las clases poderosas para someter a las débiles. Entrado ya el siglo XXI se puede cuestionar, o no, la vigencia del concepto marxista de la lucha de clases, pero lo que parece indiscutible es que el Estado siempre ha dispuesto de elementos de represión para mantener el orden social y que el poder judicial resulta imprescindible en esa tarea. Dicho de otra manera, y para que el mensaje tenga menos aristas: en una sociedad democrática es irrenunciable el cumplimiento de la norma para el funcionamiento de la vida ciudadana. Otra cosa bien distinta es qué normas tenemos, cómo la aplican los jueces y magistrados y qué estructura judicial funciona en España para garantizar el derecho constitucional a la tutela judicial efectiva.

La primera idea necesaria para entender la realidad de la Justicia española es que no hizo la transición y eso lo seguiremos pagando hasta que el problema no se aborde a fondo. Mal que bien y aunque fuera por el intento de un golpe de Estado, el Ejército se modernizó, se fue apartando a los militares franquistas de las estructuras de mando, nos metieron en la OTAN, se acabó el servicio militar obligatorio y ahora los soldados españoles participan en misiones de paz y humanitarias, aunque una buena parte sean inmigrantes que han encontrado en los cuarteles una salida laboral. Cierto es que aún quedan militares con subidas de tono e invocaciones a la sacrosanta unidad de España, como cuando se estaba redactando el Estatut de Catalunya, pero el ruido de sables de antaño ha desaparecido y el sometimiento de las Fuerzas Armadas a la legalidad y al poder político es más que evidente.

Del mismo modo, la Policía también hizo su transición con la Ley de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado de 1986 que impulsó el PSOE. Aquello sirvió para modernizar un cuerpo asociado al color gris y a la porra, y permitió la entrada de promociones de comisarios comprometidas en la defensa de las libertades ciudadanas y el respeto a los derechos humanos. La prensa de derechas las llamó promociones Pablo Iglesias, como si de golpe y porrazo la Policía se hubiese inundado de socialistas, cuando en realidad no se hizo otra cosa que abrir una bocanada de aire fresco. Siguió apareciendo y aparecerán actuaciones sospechosas de funcionarios a los que se les fue y se les va la mano, pero la diferencia es que ahora trascienden y algunos hasta acaban sentados en el banquillo. Lo más preocupante, con todo, es que eso suceda en un cuerpo policial como los Mossos d'Esquadra, nacido y creado en democracia y dirigido por la izquierda, pero eso es otra historia.

La Justicia, sin embargo, sigue pendiente de esa reforma a fondo que ha vivido el Ejército y la Policía.

Es cierto que la dependencia orgánica de un juez no es comparable a la de un militar o un policía y que aquél forma parte de un poder del Estado. Pero así como los sucesivos gobiernos reformaron las estructuras militares y policiales del franquismo, nada han hecho para que la organización judicial se renueve como lo necesita. Y esa censura es achacable básicamente al PSOE, que es el partido que principalmente ha gobernado en España desde el restablecimiento de la democracia, si se exceptúa el negro túnel de la época de Aznar y los titubeantes inicios de la UDC cuando se empezaba a vivir en libertad.

La Justicia ha sido y sigue siendo en España un tema de disputa partidista, cuando en realidad debería ser un servicio público alejado de la discusión política. La Justicia no es lo que acuerden los jueces de la Audiencia Nacional, ni lo que sentencie el Tribunal Constitucional, sino una estructura fundamental para la convivencia ciudadana que necesitaría funcionar de manera mucho más ágil y eficaz para dirimir los conflictos cotidianos. La Justicia que llega tarde no es Justicia. Hoy en día es muy difícil que un ciudadano no tenga que acudir al juzgado en algún momento de su vida, porque se ha divorciado, está implicado en un accidente de tráfico y reclama a la compañía, recurre una multa del ayuntamiento de turno, denuncia el incumplimiento de un póliza de seguros o demanda a la empresa que le ha despedido. La práctica totalidad de las sentencias que se dictan cada día en España no tienen nada que ver ni con jueces estrella, ni con si al juez lo puso éste o aquel partido.

### LA FALTA DE MEDIOS

Por eso es trascendental que los jueces trabajen en condiciones dignas. Y para eso hace falta que los Presupuestos Generales del Estado se acuerden de la Justicia. Somos uno de los países europeos con menor proporción de jueces por población y con menor dotación económica. Y, a partir de ahí, exigir responsabilidades disciplinarias a los jueces vagos que tienen descuidado sus procedimientos y se ocupan principalmente de sacarse un sobresueldo con conferencias. Que los hay. Pero es injusto generalizar y afirmar que los jueces no trabajan y son unos gandules, porque eso sólo se puede sostener desde la ignorancia. Es un colectivo mayoritariamente conservador, pero si estamos de acuerdo con Obama en que el mundo ha cambiado, también hemos de admitir que la Justicia ha cambiado en España, aunque sigue manteniendo una estructura que paraliza su necesaria eficacia.

Los jueces se quejan de falta de medios materiales y tienen razón. Cada día se derrochan en España miles de horas de trabajo de funcionarios públicos que se desplazan de una punta a otra para comparecer en un juicio



30 segundos y decir que se ratifican en un informe, cuando ese trámite se podría resolver por videoconferencia. Si cualquier adolescente puede comunicarse con una webcam con la otra punta del mundo no se entiende que no se puedan emplear las nuevas tecnologías para agilizar el proceso judicial. Si cualquier servidor es capaz de rastrear los datos que se le ordenen no se entiende que un juzgado no pueda saber si el detenido al que está tomando declaración lo está buscando otro juzgado. Ya no el de la otra punta de España, sino el juzgado vecino. Los jueces no pueden ir, como van, apuntando en una libretita los plazos en los que vencen la prisión preventiva de los presos o los asuntos que tramitan.

Han de tener un sistema informático eficaz que no les deje otra alternativa que emplearlo, para que no lleven las sentencias escritas a mano y que las transcriba un funcionario, como aún sucede. Y para que muchos secretarios judiciales cumplan otra función que mirar al techo en la sala de vistas mientras se graba el juicio y ellos no pegan palo al agua. Y para que algunos funcionarios no pasen la mitad de la mañana fuera de la oficina judicial sin abrir el ordenador con total impunidad y sin un control eficaz de horario.

En España existe una justicia de dos velocidades: la de las grandes ciudades, con medios materiales y personales, y la del resto, donde los asuntos se eternizan por la continua movilidad de jueces y la falta de funcionarios, fiscales y peritos. Sin que el poder político parezca que tenga mucho interés en acabar con ello. Es intolerable que el caso Fabra, que implica por supuesta corrupción al presidente del PP de la Diputación de Castellón, haya tenido ya seis jueces instructores que han pedido el traslado a los pocos meses de aterrizar en aquel juzgado. O que el hundimiento del Prestige le corresponda investigarlo a un juez acabado de entrar en la carrera judicial. ¿Dónde estaba el Consejo General del Poder Judicial y las asociaciones judiciales para velar por el funcionamiento de la Justicia? Mirando para otro lado y pendientes de ser serviles con el poder político para buscar un buen destino a sus vocales cuando concluyera su mandato. Si es posible que el macrocaso del atentado del 11-M se haya resuelto ya con sentencia firme en cuatro años, ¿cómo no va ser posible enjuiciar asuntos de mucha menor trascendencia? Si se quiere, se puede, pero hacen falta medios.

### LA HUELGA DE LOS JUECES

Y es ese caldo de cultivo de abandono de la Justicia que se ha ido cocinando durante años el que provocó la histórica huelga de jueces del 18 de febrero. Es un simplismo y una falsedad decir que fue una huelga corporativa por el caso Mari Luz. En todo caso, eso pudo tener su punto de detonante, pero durante el año 2007 se sancionaron a más de una veintena de jueces y no pasó nada. Es el hartazgo de pensar que lo que le ocurrió al juez Tirado le podía haber ocurrido a cualquier juez de ejecutorias de España lo que llevó a los jueces a decir basta, aunque nada hubiera sido posible sin la ayuda de un ministro de Justicia que actuó como pirómano en lugar de bombero. Aunque al final fuera él mismo quien

ardiera en su propio fuego por su afición cinegética, que no por su pésima gestión.

Hace ya unos cuantos años que las nuevas promociones de la judicatura no son hijos del cuerpo, como antaño, sino mayoritariamente mujeres, y menos hombres, con vocación de servicio público, que nacieron en democracia y no quieren saber nada de maniobras políticas ni pasteleos, sino poder trabajar con dignidad. Es cierto que son gentes de familias, por lo menos acomodadas, porque no todo el mundo puede soportar tener a un hijo o hija cuatro o cinco años preparando oposiciones y sin ganar un euro. Pero eso no significa que no puedan aplicar la ley con dignidad. Ya vale de atribuir el marchamo de profesionalidad a ciertos jueces que se califican de progresistas. Por su sentencias y su dedicación los conoceréis.



El PSOE oxigenó la carrera judicial favoreciendo la entrada a través del llamado tercer y cuarto turno, de manera que los abogados con un determinado número de años de ejercicio también pudieron opositar y acabar impartiendo justicia. Pero en cuanto gobernó el PP se acabó con esa rendija para los llamados turneros, siempre mal vistos por los pata negra, pero que aportaron un contrapunto a la judicatura y alguno de ellos hasta ha llegado ya al Tribunal Supremo. Con padrinos, por supuesto, porque eso es inalcanzable de otra manera.

Por eso, uno de los problemas que sigue teniendo la Justicia en España es ocuparse de los jueces de primera trinchera, los de pueblo, porque cuanto mayor es la antigüedad en la carrera judicial y más se asciende, se cobra más y se trabaja menos. Y de esos jueces, que resuelven cada día las cuestiones más diversas, nadie se ha ocupado. Ni el poder político, ni las asociaciones judiciales. La práctica habitual en España ha sido ir metiéndolo todo en el Código Penal, a veces a golpe de telediario o de crimen mediático, sin una mínima planificación de medios ni de dotación presupuestaria.

El nombramiento de un nuevo ministro y el escenario que se abre tras la huelga del 18 de febrero abren la puerta a la esperanza. Parece que la Justicia ha entrado de una vez en la agenda política y que el Gobierno y el CGPJ han entendido que tienen un problema y que han de abordarlo. Y lo que es más importante: los jueces han perdido el miedo a hablar y a explicar en qué condiciones cochambrosas trabajan muchos de ellos. Los que dedican pocas horas y tienen los juzgados atascados o decenas de sentencias pendientes de dictar podrían tener un problema si, de una vez por todas, se establecen mecanismos eficaces de control.



suceso ás persoas irresponsables, que sitúa na órbita do partido conservador, aos que acusa de caciques porque: "desde hai anos os repartimentos facíanse de maneira inxusta, que resultaba que nada máis pagaban os pobres".

### ÉNTOMA

A volta do resto do batallón á Coruña xunto coas intervencións político administrativas do Gobernador civil non incide na decisión dos labregos da comarca no asunto dos impostos. Seguían dispostos a boicotear o cobro cada vez que se presentara a ocasión.

O día 21 de outubro un axente executivo de Facenda, protexido por varias parellas da Garda Civil, presentouse na aldea de Éntoma, no concello do Barco, coa intención de cobrar a contribución e os consumos. A parroquia de san Xoán de Éntoma tiña 403 habitantes e era considerada pola Facenda a de maior morosidade fiscal do concello do Barco. Ante a negativa xeneralizada dos labregos de sinalar os bens embargables, o recadador indicou á Garda Civil os veciños que tiñan que deter. Durante o traslado a pé ata a cadea do Barco un numeroso grupo de homes, mulleres e nenos seguiron proferindo todo tipo de insultos. cando chegou a comitiva á altura do Muro de Albar os gardas dispararon para espantar os veciños, que responderon guindándolle pedras. Nunha segunda descarga dos mausers as balas provocaron un morto e dous feridos graves. O falecido era o mozo Juan Manuel Delgado Peral, xornaleiro de 25 anos. O proxectil que o matou entráralle polas costas.

Durante a seguinte semana volveuse a dar un novo rifirrafe parlamentario nas Cortes polo uso dos mausers en Valdeorras. Volveu acusarse ao caciquismo como causante da situación de enfrontamento fiscal na comarca. Interveu de novo o deputado polo distrito de Valdeorras, Aurelio Enríquez, quen recordou que o concello do Barco "aínda debía á Facenda a enorme cantidade de 100.000 pesetas". E que a causa era que na comarca dábase un "fermento maléfico, un ambiente de indisciplina y de socialismo, al que es preciso aplicar algún remedio". Finalmente foi o gran cacique galego, o conde de Bugallal, quen defendendo o candidato conservador do distrito Manuel Quiroga (4), explicou aos deputados que o suceso era consecuencia da pobreza pola desaparición do cultivo da vide.

### SANTIGOSO

Dúas semanas pasaran dende os feitos de Éntoma cando o día 10 de novembro, na aldea de Santigoso, tamén no concello do Barco, ás ordes do recadador volve a intervir a Garda Civil provocando un novo morto. A parroquia de san Miguel Arcanxo de Santigoso agrupaba os barrios de Baqueiro, Castro, Cimadevila, Cunclada, Chao, Outeiro, Posada, Portodacal, Soulecín, e Vilariño, cunha poboación de 689 habitantes. Era unha aldea de montaña, que minoraba a miseria dos xornaleiros dos bacelos coa produción de carbón vexetal que malvendían na vila do Barco. Os vinte números da Garda Civil xa avisados do costume dos labregos de escapar o monte rodearon a aldea e obrigaron a algúns a indicar as casas dos morosos para proceder o embargo. Como todos os veciños negáronse a colaborar detiveron a varios. E ao intentar libéralos, con pedras, fouces e coitelos, os gardas dispararon os mausers. Mataron unha muller embarazada e feriron a outras dúas. A falecida era María Núñez, de 33 anos e labrega. Casada con outro dos amotinados, Manuel Fernández, tiña catro fillos pequenos: Domingo, Miguel, Perfecto e Francisca. Tras os disparos os números cos once veciños detidos: nove homes e dúas mulleres, emprenderon a baixada ao Barco. Nela dous gardas civís foron feridos polas

pedras que os veciños botaban a rodar dende por riba do camiño. Esta morte non provocou debate nas Cortes, que se atopaban suspendidas polas negociacións que a Sagasta lle encomendara o Rei para artellar un novo Goberno.

Os protagonistas comarcais dos motíns polos consumos coinciden cos que se levaron a cabo no resto de Estado. Foron: os recadadores, os gardas civís, os Gobernadores civís, os soldados e as clases populares, entre as que xogaron un papel destacado as mulleres. Non houbo máis mortes na comarca nese ano polo cobro dos impostos. Aínda ben que o axente executivo da Facenda no concello do Barco Manuel Piñeiro Méndez desapareceu levándose 2.591 pesetas da recaudación dos consumos do ano 1902.

Mais a oposición aos consumos seguiu estando presente durante moitos anos. Aínda no mes de febreiro do ano 1908 os alcaldes do Barco, Juan Gayoso Valcarce; de Petín, Santos Trincado; de A Rúa, Pedro Gayoso; de A Veiga, Antonio Fernández; e o de Vilamartín, José Manuel García, viaxaron a Ourense para entregar ao Gobernador civil, Tomás Alonso Zabala, conde de Buena Esperanza, un memorando co fin de que llo achegase ao Presidente do Consello de Ministros, o conservador Antonio Maura. O documento denunciaba e protestaba pola actuación dos delegados de Facenda nos seus respectivos municipios. Acusaban os recadadores de despóticos e de cometer continuos atropellos no cobro dos impostos. Como final solicitaban a derogación dos odiados consumos.

Participaba a solicitude da reivindicación popular que recorría España dende mediados do século XIX. Petición que cada vez estaba máis cerca polo proceso de modernización da Facenda. Foi durante a presidencia do Goberno do liberal José Canalejas (1910-1912), cando en xuño de 1911, promulgouse a lei de supresión do imposto de consumos. A lei foi a resposta legislativa aos republicanos madrileños que gobernaban o concello de Madrid e que ameazaban con eliminalos na capital. Previa a lei a extinción en varios prazos. Primeiro o imposto sobre o sal. Despois o de alcois, ata desaparecer en 1920. Mais para manter o nivel de ingresos dos concellos no seu lugar xeneralizábanse os arbitrios municipais, que era unha imposición directa sobre o consumo. Non por iso a conflictividade de tipo fiscal desapareceu, máis ben desprazouse a outros sectores sociais urbanos. Mais esa é outra historia.

### Notas:

- (1)- Fusil de ferrollo alemán. Arma do Exército dende 1893. Cos que sobrarian da guerra de Cuba acabou equipando á Garda Civil.
- (2)- Ramón Suárez de Puga (A Granxa de Petín, 1872-1910). Avogado, escritor e fidalgo propietario da Granxa.
- (3)- Aurelio Enríquez González (Vilanova de Valdeorras, 1845- Baños de Montemayor, 1910). Médico, fundador e presidente da Sociedade de Hidroloxía Médica. Deputado liberal nas Cortes polo distrito de Ponferrada en 1888, e polo de Valdeorras en 1872 e 1901-02. Senador vitalicio nomeado por Afonso XIII en 1910. Era dono dunha finca de recreo no Barco de Valdeorras, no que é hoxe en día a praza Andrés de Prada, coñecida popularmente ata o seu derribo como a Casa dos Ruenes.
- (4)- Manuel Quiroga Vázquez (Vilaira, 1845-1906). Fidalgo gran perceptor de foros na comarca e propietario da Casa Grande de Vilaira. Amigo do creador do sistema da Restauración, Canóvas del Castillo, ocupou moitos cargos políticos: embaixador en China; director xeral de administración local; deputado polo distrito de Quiroga 1869-78; e polo distrito de Valdeorras 1879-84 e 1896-01; senador por Lugo 1884-85, e por Ourense 1903-1904.

### Fontes:

- Arquivo do Concello de O Barco.
- Rexistros Civís de O Barco e Petín.
- Gaceta de Galicia, 1900-04.
- Gaceta de Madrid, 1890-1920.
- Boletín Oficial da Provincia de Ourense, 1900-1908.
- Diario de Sesións do Congreso de Deputados, 1900-1910.
- INE. Censos de poboación, 1900 e 1910.
- La Vanguardia, 1900-1920.
- Huetz de Lemps, Alain. *Vignobles et vins du Nord-ouest de L'Espagne*. Institut de Géographie. Bordeaux, 1967.



## La escuela de entonces

Viti Berzosa

### Pequeñas reflexiones sobre experiencias pasadas dedicadas a educadores

Removiendo entre el polvo de libros viejos aparca-dos en cualquier rincón de la casa, restos de la escuela del "maestro de Telleiras" (citado por Básico Rodríguez en su novela "Sábado Longo"), padre de mi esposa Mari, me encontré con dos Cuadernos de Trabajo: "Metodología de las Ciencias Naturales" y "Metodología de la Historia", publicados por la Revista de Pedagogía en los años 1932 y 1933. Los trabajos están firmados por Vicente Valls y Louis Verniers respectivamente. Las ilustraciones del primero son del autor y del inspector de enseñanza leonés Modesto Medina Bravo.

La Revista de Pedagogía (1922-1936), aspiraba a reflejar el movimiento pedagógico contemporáneo, contribuir a su desarrollo, y a estar alejada de toda parcialidad y exclusivismo, dirigiendo su atención a todos los problemas de la enseñanza. Ligada a la Institución Libre de Enseñanza, estaba dirigida a los maestros, y había sido fundada por el pedagogo Luis de Zulueta. Los redactores eran los intelectuales y catedráticos Américo Castro, Margarita Comas, Antonio Ballesteros, y Manuel García Morente. Entre sus colaboradores extranjeros destacaban grandes figuras del momento como el especialista en trabajo social J. Adams (Londres); el psicoanalista Alfred Adler (Viena); la premio Nobel de literatura Gabriela Mistral (Chile); los filósofos José Vasconcelos (México) y John Dewey (Nueva York); el psiquiatra Juan Demoor (Bruselas); y los pedagogos Pierre Bovet (Ginebra), Luis Credaro (Roma), Joseph J. Findlay (Manchester), Michael E. Sadler (Oxford) y Roger Cousinet (Meudon); y muchos otros.

En el libro "Metodología de las Ciencias Naturales", enmarcado en la corriente pedagógica de la Escuela Activa, dice el autor en la introducción que es un cuaderno de trabajo, modesto, pero lleno de cosas vividas. Trata de explicar los grandes fenómenos de la naturaleza, descendiendo en ocasiones a detalles nimios, porque el descuido de un detalle es bastante para hacer fracasar la lección. En cada tema presenta un propósito: direcciones prácticas (manualismo), observaciones (ver que sucede), e inducciones (leyes o principios). No hay más camino para investigar los secretos de la naturaleza que la observación.

Cuando el niño llega a la escuela posee un cúmulo de observaciones sobre todo referidas al conocimiento del mundo exterior. Su vida intelectual puede calificarse de "anecdótica". Por esto, a la iniciación de los estudios de la naturaleza ha de continuar la trayectoria espiritual de

los conocimientos espontáneos de la observación infantil. Hay una ciencia anecdótica como una historia anecdótica. Al evolucionar el niño busca la razón de los hechos y establece leyes. A una primera fase "analítica": análisis "cualificado" o "cuantitativo", le sigue después una nueva que "sistematiza" los conocimientos, que es la parte propiamente científica.

Nada tan fácil de concebir dentro de las normas de educación activa como el estudio de los seres y los fenómenos naturales. La educación activa es la "acción", el "hacer" en su aspecto "manual" y en su "hacer interno". Labor de creación absolutamente personal en que para nada interviene el principio de autoridad. Con una "actitud crítica" ante los hechos que no es otra cosa en definitiva que la duda metódica de Descartes. El niño considerándose dentro del conjunto fenomenológico de la naturaleza quiere averiguar las relaciones misteriosas de las cosas. Conducirle y dejarle perseguir libremente, "activamente", los motivos inmediatos de los fenómenos, es tanto como permitirle que se entregue a la investigación de las relaciones de causa a efecto. El niño en esta actitud de observación aprenderá a "dudar" metódicamente, a comprender que la verdad científica es relativa y provisional.

En la pedagogía del hacer, en la escuela activa, ha de haber una ecuación perfecta entre el "hacer con las manos" y "el hacer con el pensamiento". Construir con cosas y con ideas: crear. El programa ha de ajustarse a la evolución de la ciencia. Ésta como dice Belot, empezó en la cocina. El niño tendrá que revivir estos esfuerzos para "crear su ciencia".

La investigación escolar ha de ajustarse a los motivos científicos, partiendo de observaciones personales y del medio en el que vive. El maestro debe "hacer para que el niño haga", reposadamente, sabiendo perder el tiempo: "sin prisa pero sin pausa", como decía Goethe. También evitar el exceso de palabras: "que las palabras sean breves", proclamaba María Montessori. Las palabras precisas. Promover relaciones, asociar hechos, que cada lección deje una sugestión en el alma.

En la explicación de ciencias de la naturaleza es útil el empleo de cuadernos de observaciones. Conviene llevarlos en forma de diario. El dibujo es insustituible: "no es lo primero el material, sino el espíritu del maestro que ha de vivificarlo", según Manuel Bartolomé Cossío, discípulo de Giner de los Ríos. Por ello no debe nunca el maestro hacer un experimento delante de los alumnos sin haberlo realizado previamente.

Los que estamos ya entraditos en años recordamos algunas escuelas con su huerto escolar o con algunas choperas o viveros de árboles (también de la escuela). Los atendían los niños que podían experimentar, a través de su pequeño trabajo agrícola infantil, sensaciones. Las que nos describe el pedagogo Vicente Valls, del cual he extraído ideas, y que os he ofrecido seguro que de una forma abusiva y pesada. Pero aquella escuela activa tenía mucho de encanto, no tanto las otras posteriores.

Excusas pues y hasta otro momento.



## AUGUSTO SIERRA RODRÍGUEZ



Augusto Sierra Rodríguez naceu en 1892 na aldea de Sampaio, do concello de Petín. Fillo de labregos dende moi novo axudou nos traballos familiares no campo.

A súa infancia e mocidade coincidiu, por unha banda coa miseria que provocou a praga da filoxera nos bacelos valdeorreses, e por outra coas loitas que os labregos da comarca levaron a cabo para non pagar os consumos. É doado pensar que a súa primeira experien-

cia política foran os feitos que no ano de 1902 se produciron na comarca. Cando tiña dez anos coñeceu a intervención violenta dunha columna militar na aldea de Mones, que causou a morte de Francisco Rodríguez e a detención de varios veciños, por negarse a pagar as contribucións. Isto máis a posterior experiencia do servizo militar deberon marcar a súa traectoria vital. De volta á comarca intégrase nas cuadrillas de xornaleiros que traballan a viña e que cada verán marchan a Castela a facer a sega. Nos anos vinte coñece a una moza de Vilamartín, coa que acaba casando, establecéndose na vila.

A monótona vida política dos primeiros anos do reinado de Afonso XIII, da que as clases populares estaban excluídas, escáchizase coa instauración dunha ditadura militar en 1923, e coa posterior proclamación da II República no ano 1931. No imaxinario popular a República representaba a posibilidade de intervir e realizar seculares anhelos de xustiza social. E por iso os cinco anos e medio que durou representa un período de fortes loitas sociais. Augusto Sierra foi un protagonista directo desta etapa. Dispoñendo dun carácter conciliador e facendo gala dunha gran solidarizade os labregos do concello de Vilamartín acabárono recoñecendo como un dos seus líderes. Xa en 1932 era o secretario da agrupación local do PSOE, e do sindicato agrario da localidade que estaba integrado na uxetista FNNT. Baixo o seu impulso e dirección, a mediados de 1934, acabou de montar a Casa do Pobo da que foi elixido presidente. Nos primeiros días da Revolución de Outubro, e declarado o Estado de Guerra, impulsa as sabotaxes da vía do ferrocarril para entorpecer os convois militares que ían a Asturias. No mesmo mes organiza unha folga no campo valdeorres para parar as sentencias de morte que os consellos de guerra estaban a impoñer a decenas de mineiros asturianos. Mais o día nove de novembro a Garda Civil deteno xunto con varios compañeiros: Xosé Fernández Arias, Álvaro Calleja Fernández, e Inocencio Pérez Oliva de Vilamartín; o comerciante Domingo Mateo Dobao, de Arcos; o barbeiro Xesús Rodríguez Sánchez, de Correxais; o canteiro Claudio González López e o labrego Isidro López Álvarez de san Miguel de Outeiro. Todos eles acabaron na cadea do Barco onde estiveron presos varias semanas. O ano 1935 é para Augusto Sierra un período de estudo e reorganización do socialismo local. O triunfo nas lexislativas de 1936 da Fronte Popular fai que o Gobernador civil o acabe nomeando alcalde de Vilamartín. Convértese así no segundo alcalde republi-

cano do concello tras o dimitido Leopoldo Nogueira. Acompañano na corporación Agustín Núñez Álvarez; Antonio Arias Prada "Clavel", de Córghomo; Santiago Álvarez, de san Miguel de Outeiro; e máis Gerardo Rodríguez, de san Vicente.

Ante o golpe militar do 18 de xullo, Augusto Sierra redactou un bando municipal que mandou vocear pola vila o porteiro do concello. Indicábase nel que era necesario a requisa de armas cortas e de caza para que non se produciran altercados. Mais ante a fuxida e concentración dos números da Garda Civil comarcal no cuartel de Petín os frentepopulistas do concello amañaron unha barricada na estrada ao comezo da vila. O día 21 unha columna de falanxistas e gardas civís en camións ocuparon a Rúa e seguiron pola estrada de Ponferrada para tomar o resto dos concellos da comarca. Cando estaban a chegar a Vilamartín produciuse un enfrontamento no que morreu un garda civil ademais de varios feridos entre os golpistas. Os republicanos locais dispersáronse e a maioría deles marcharon polo monte a Asturias onde se integraron no exército popular. Iníciase a continuación unha terrible represión levada a cabo por falanxistas, gardas civís, e militares que no municipio cústalle a vida a 28 veciños.

Augusto Sierra é dos que desapareceron. Ante a coacción e violencia que padecen os parentes para que o delatasen a familia decide facer correr o rumor de que se atopaba en Bos Aires. Así as cousas en decembro de 1936 un tribunal militar de Ourense incóalle un expediente para sometelo a consello de guerra. No mes seguinte o proceso acabárono sobresaíndo por atoparse o "acusado en rebeldía".

O que non imaxinaban era que Augusto Sierra levaba entoupado dende os primeiros días na casa da nai en Sampaio. Mais a mañá do día 13 de marzo de 1937 un carnicero de Valencia do Sil, que fora ata Mones e despois ata a casa dos Mancebos para mercar xatos, recoñeceu cando lle votaba de comer as pitas dende unha solaina. Ao baixar a Vilamartín o carnicero denunciouno a Garda Civil. A muller dun número fixo chegar o aviso á familia e esta enviou a unha sobriña ata Sampaio, a casa da nai, para poñer en sobre aviso a Augusto Sierra, que non lle deu importancia ao recado. Naquela noite foron buscalo a Garda Civil e falanxistas de Petín. Ao sentilos na casa intentou escapar pola corte, máis non o logrou. Trasladárono a casa do Riocigüeño do Barco, centro de detención e tortura comarcal, e expuxeron no escaparate do comercio da Casa Gurriarán, na praza Maior, as probas que lle amañaron: pistolas, escopetas e granadas.

Á noite do día seguinte os falanxistas de Petín foron por el, metérono nun coche e levárono ata a costa da Raspallosa, onde lle deron morte. Cara a mañaciña do día 15 de marzo, a familia foi avisada por un veciño de Seadur de que o corpo de Augusto Sierra estaba nunha gabiá do cruce de Seadur coa estrada de Ourense a Ponferrada. Recolleron o cadáver e cargárono ata o cemiterio de Petín nun carriño. Como o cura párroco non o deixou enterrar dentro do cemiterio sepultárono na parte de fora. Mais cos anos ao agrandar o camposanto incluíse dentro, ao lado da porta. No libro de defuncións do rexistro civil de Petín false constar, mediante un desalmado apunte burocrático, "causa de la muerte: hemorragias internas". F.G.